

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 4 DE AGOSTO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Decreto polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei 2/2006, do 3 de maio, en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regula o Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios e se establecen requisitos de hixiene na produción e comercialización para determinados establecementos.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a establecementos turísticos para actuacións de embelecemento do litoral galego, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria con carácter plurianual (2025-2026), por un importe de cinco millóns de euros (5.000.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual respecto da Resolución da Fundación Galicia Europa pola que se convoca unha (1) bolsa de formación, dirixida a persoas cun título universitario, para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación, e a concesión de pagamentos á conta por un importe superior ao 80% da porcentaxe subvencionada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a realización dos cursos para a obtención do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial e na modalidade "ampliación ou promoción", así como para a obtención dos permisos de condución das clases C e/ou D, para a incorporación de condutores/as profesionais ao mercado laboral, así como para a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se convocan para o ano 2025.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a solicitar ao Estado o traspaso efectivo de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de autorización, construción, xestión e uso de instalacións aeronáuticas competencia desta comunidade autónoma.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Vigo (UVIGO) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2025-2026, por un importe total cinco millóns seiscientos mil douscentos sete euros con corenta e sete céntimos (5.600.207,47€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade da Coruña (UDC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2025-2026, por un importe total de cinco millóns setecentos noventa e nove mil cincocentos once euros con setenta e tres céntimos (5.799.511,73 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2025-2026, por un importe total de nove millóns douscentos noventa e oito mil vinte e nove euros con oitenta e dous céntimos (9.298.029,82 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Asociación BIOGA – Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida para a elaboración da Estratexia de excelencia da biotecnoloxía en Galicia para o período 2026-2030, por importe de setenta mil euros (70.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a modificación dos estatutos da Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Fundación Cesga).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a adquirir compromisos de carácter plurianual e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida na normativa de subvencións de Galicia na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2025/26, e se procede á súa convocatoria. Importe total: oito millóns douscentos setenta e oito mil cincocentos oitenta e catro euros (8.278.584,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Deputación Provincial de Pontevedra, para a atención de menores no complexo Cidade Infantil Príncipe Felipe, en Pontevedra. Importe total: once millóns douscentos vinte e tres mil novecentos setenta e cinco euros (11.223.975,00€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba o proxecto industrial estratéxico dunha industria de manipulación e envasado de peixe, en Rianxo (A Coruña), promovida por Stolt Sea Farm, S.A.
- Acordo polo que se declaran os parques eólicos Greco (124,8 MW) e Baro (52 MW) promovidos por Mowe Energía IV, S.L.U. e Mowe Eólica 1, S.L.U., respectivamente, como proxectos cunha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, cunha función vertebradora e estruturante do territorio.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da tramitación do expediente de aceptación de solo cedido polo Concello de Carballo á Sociedade Vivenda Pública de Galicia, S.A. (Vipugal), así como da licitación pola mesma sociedade, do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción dun edificio de 73 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos na parcela R/Medico JM Lado, 18-N2-20, do concello de Carballo (A Coruña), por un importe de licitación de cincocentos corenta e nove mil setecentos oito euros con sesenta e nove céntimos (549.708,69 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromiso de gastos de carácter plurianual, derivados da Orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, que incorpora fondos procedentes do tramo autonómico da asignación tributaria do 0,7% do IRPF, destinado á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario, para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven o seu labor no eido da prevención na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria, por importe de dous millóns cento trinta mil euros (2.130.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de mantemento integral e evolutivo dos equipamentos de alta tecnoloxía da marca Brainlab, instalados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de cinco millóns setecentos catorce mil oitocentos setenta e catros euros, con cincuenta e nove céntimos, con IVE (5.714.874,59 €) e un valor estimado de seis millóns oitocentos trece mil trescentos cincuenta e nove euros con cinco céntimos, sen IVE (6.813.359,05 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria para o desenvolvemento, en 2025 e 2026, do programa integral de formación e *mentoring* destinado ás persoas mozas inscritas e beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (Xuventude Mentoring), cofinanciado pola Unión Europea, no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, por un importe total dun millón douscentos mil euros (1.200.000,00 €) e a superación do límite previsto na normativa de subvencións de Galicia para os pagamentos anticipados.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón da concesión e do pagamento das axudas ás persoas productoras da indicación xeográfica protexida (IXP) Faba de Lourenzá.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre o papel de Sogama como peza clave na transición para a economía circular en Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre o estado da concesión da autoestrada AP-9 e a súa xestión pola Administración do Estado.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a convocatoria do procedemento de acceso á carreira profesional do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre as axudas concedidas no ano 2025 para o impulso da innovación e a sustentabilidade do comercio local e artesanal.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución das axudas para proxectos colectivos que contribúan a reforzar a xestión dos recursos da pesca costeira artesanal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOSTA POLA INNOVACIÓN, A INVESTIGACIÓN E A COAPRENDIZAXE PARA ACTUALIZAR A FORMACIÓN DO PROFESORADO AOS NOVOS RETOS DO ENSINO ACTUAL

- O Consello da Xunta dá luz verde ao novo decreto que regula esta materia, que renova o vixente desde 2011 incluíndo novas modalidades de formación e organización
- Favorécese a formación nos centros educativos, refórzase a avaliación para garantir o máximo nivel e procúrase unha maior conexión coas facultades de Educación
- O decreto anticipase aos cambios que afectan o sistema educativo en eidos como a dixitalización, a intelixencia artificial, a internacionalización ou a multiculturalidade
- Co obxectivo de favorecer a remuda xeracional, límitase o período de permanencia nos postos de asesor e director de centros de formación e recursos
- O texto enmárcase na aposta que está a facer a Xunta de Galicia por poñer en valor a función social dos docentes, ao tempo que se melloran as súas condicións laborais

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao novo decreto de formación permanente do profesorado, a través do cal a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP aposta pola innovación, a investigación e a coaprendizaxe para actualizala aos novos retos do ensino do século XXI. Para iso establécese un modelo actualizado e integral de formación cun enfoque coordinado, descentralizado e orientado ao desenvolvemento profesional docente continuo, reforzando o papel dos centros educativos como espazos chave para a formación e facilitando a colaboración entre institucións.

O novo texto introduce unha serie de melloras substanciais con respecto á normativa anterior, tanto no deseño do modelo como nos instrumentos de planificación e execución, entre as que destacan dúas novas modalidades de formación (proxectos de innovación e de investigación), novas formas de organización (comunidades de observación e aprendizaxe), un reforzo da avaliación, un novo órgano de asesoramento e novos criterios para a provisión dos postos de dirección e asesoría dos centros de formación e recursos

A actualización do decreto de formación do profesorado enmárcase na aposta que está a facer a Xunta de Galicia por poñer en valor a función social dos docentes, ao tempo que se melloran as súas condicións laborais. Así, ademais de continuar estabilizando o cadro de profesorado coa convocatoria de 20.252 prazas de oposicións no ensino desde 2009, a Xunta reforza a autoridade dos docentes nas instrucións do vindeiro curso.

A maiores, a través do Acordo para a mellora do sistema educativo estanse introducindo melloras salariais e horarias para os profesores e a Xunta está a reivindicar un acordo a nivel estatal para o deseño dunha carreira profesional docente que prestixie a profesión de ensinante.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Novas modalidades formativas

O novo decreto incorpora unha ampla variedade de modalidades formativas que enriquecen e flexibilizan o modelo actual. Entre elas inclúense como novidade os proxectos de innovación educativa e os proxectos de investigación. Os primeiros van dirixidos a un centro educativo como unidade para facilitar a introdución de cambios novos, baseados na investigación e o coñecemento, coa intención de mellorar os procesos de ensino-aprendizaxe. Pola súa banda, os proxectos de investigación están dirixidos a grupos de docentes e teñen como obxectivo a procura e xeración de novo coñecemento que dea resposta a un problema ou pregunta expostos.

Estas novas modalidades permitirán proxectar a formación do profesorado desde un punto de vista proactivo, anticipándose aos cambios que afectan o sistema educativo en eidos como a dixitalización, a intelixencia artificial, a internacionalización ou o incremento da multiculturalidade nas aulas, entre outros.

Os proxectos de innovación e de investigación veñen completar tanto a oferta de modalidades de formación en centros, seminarios e grupos de traballo como as de formación individual. Poden desenvolverse en diferentes formatos (presencial, en rede ou en modalidade mixta) e están estruturadas en itinerarios formativos baseados no desenvolvemento de competencias profesionais docentes.

Comunidades de observación e aprendizaxe

A formación poderá organizarse con estratexias anuais e plurianuais. Dentro da organización plurianual, as actividades poderán artellarse tanto arredor dos plans de formación permanente do profesorado de centro xa existentes como dunha nova estrutura, as comunidades de observación e aprendizaxe. Contextualizadas arredor de colectivos docentes específicos reunidos cun fin formativo concreto, o obxectivo desta nova estrutura é promover a constitución de redes de colaboración e coaprendizaxe docente.

Tamén se introducen novidades na planificación da formación. Así, ademais do plan estratéxico (cunha vixencia de catro anos) e os plans anuais de formación, inclúense no decreto os plans anuais de actuación de cada centro de formación e recursos.

Avaliación para a calidade

Co obxectivo de seguir incrementando a calidade da formación do profesorado e garantir o máximo axuste desta ás necesidades do ensino, establécese un novo sistema de avaliación mixto. Así, ademais das avaliacións externas (auditorías) que xa se fan na actualidade, introdúcese un sistema de avaliación interna anual, que será desenvolvida polo Centro Autonómico de Formación e Innovación e os centros de formación e recursos situados nas sete cidades, baixo a coordinación do servizo responsable da formación permanente do profesorado.

A través desta novo decreto poderá crearse, ademais, un novo órgano consultivo e de asesoramento, a Comisión autonómica de formación. Co obxectivo de asesorar nos procesos de xestión de formación permanente do profesorado, estaría integrada por

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

membros de todos os colectivos representativos en materia de formación do profesorado (Administración educativa, universidades, organizacións sindicais...).

Deste xeito avánzase, por exemplo, na necesidade de conectar a formación docente coa que se imparte nas facultades de Maxisterio, unha tarefa na que o Goberno galego leva anos traballando.

Remuda xeracional

A estrutura da Rede de formación permanente do profesorado mantense conformada polo servizo encargado na Consellería, o Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI), con sede en Santiago, e os centros de Formación e Recursos (CFR). Estes últimos seguirán situados en Ferrol, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. Ademais, volve constituírse como centro independente o CFR de Santiago de Compostela, que neste momento funciona como un departamento do CAFI. Aínda así, a persoa que ocupe a dirección do Centro Autonómico tamén a exercerá no centro compostelán.

A norma establece novos criterios para a provisión dos postos de dirección e asesoría dos centros de formación e recursos. Co obxectivo de favorecer a remuda xeracional, límitase o número de anos en que o persoal docente pode ocupar estes postos.

No caso dos directores dos CFR, mantense o sistema de elección actual, é dicir, por concurso de méritos e, no caso do director do Centro Autonómico de Formación e Innovación, será por libre designación, como xa ocorre agora. En ambos os casos, será entre persoas que contén cun mínimo de seis anos completos de servizos como funcionarias docentes de carreira (ata o momento pedíanse cinco anos de experiencia).

No que atinxe aos asesores, seleccionaranse mediante convocatoria pública, de conformidade cos principios de igualdade, mérito e capacidade, entre persoas que acrediten un mínimo de cinco anos completos de servizos como funcionario docente de carreira, sendo dous deles de docencia directa (ata o momento pedíase un ano de experiencia).

Tanto directores dos CFR como asesores poderán ocupar o posto durante catro anos, renovables por outros catro e, finalizados estes, non poderán volver ser nomeados durante os dous anos inmediatamente posteriores, aínda que si poderán ser noemados para un posto diferente no centro de formación e recursos. Ata o momento non había limitación de mandatos, aínda que si se establecía unha avaliación cada seis anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA O REXISTRO GALEGO SANITARIO DE EMPRESAS E ESTABLECEMENTOS ALIMENTARIOS E ESTABECE REQUISITOS DE HIXIENE NA PRODUCCIÓN E COMERCIALIZACIÓN

- O Executivo galego aproba definitivamente o decreto, unha vez recibido o ditame favorable do Consello Consultivo
- A principal novidade é a incorporación á definición de establecemento de comercio polo miúdo dos locais ambulantes ou provisionais, facilitando o seu control sanitario
- O Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios ten como finalidade a protección da saúde pública e dos intereses dos consumidores, facilitando o control

A Xunta aprobou o decreto polo que se regula o Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios (Regasa) e se establecen os requisitos de hixiene na produción e comercialización para determinados establecementos, logo de que o Pleno do Consello Consultivo de Galicia ditaminase, por unanimidade dos seus membros, que este decreto resulta conforme o ordenamento xurídico.

Con esta aprobación, o Executivo galego actualiza o catálogo de actividades recollidas neste rexistro, coa principal novidade da incorporación á definición de establecemento de comercio polo miúdo os locais ambulantes ou provisionais, como é o caso das carpas, postos e vehículos de venda ambulantes, os almacéns de apoio e as instalacións en que, con carácter principal, se realizan operacións de venda á persoa consumidora final. Deste xeito, asegúrase o deber de rexistro deste tipo de establecementos e facilítase o seu control sanitario.

Ese tipo de establecementos entra a formar parte dun rexistro dentro da Dirección Xeral de Saúde Pública e poderán ser inspeccionados polos concellos e/ou a Consellería de Sanidade, no ámbito das súas competencias.

Este decreto da Xunta traslada á regulación autonómica o disposto no Real decreto 1021/2022, do 13 de decembro, á vez que facilita a relación das persoas administradas coa propia Administración, a través da actualización dos procedementos de declaración responsable para o inicio da actividade no comercio polo miúdo.

Cómpre remarcar que o Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos alimentarios ten como finalidade a protección da saúde pública e dos intereses dos consumidores, facilitando o control oficial das empresas, locais e establecementos sometidos a inscrición.

Os establecementos sometidos a inscrición son aqueles que exercen a súa actividade comercial en Galicia cando esa actividade consista en manipular, preparar, elaborar ou transformar, almacenar ou servir alimentos para a súa venda ou entrega á persoa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

consumidora final ou a unha colectividade, *in situ* ou a distancia, con ou sen repartición a domicilio.

Catro capítulos e dezaseis artigos

O decreto hoxe aprobado componse de catro capítulos e dezaseis artigos. O primeiro capítulo contén disposicións xerais relativas ao seu obxecto. O segundo refírese ao Rexistro galego sanitario de empresas e establecementos sanitarios e ao procedemento de inscrición, modificación e cesamento da actividade. O terceiro aborda as condicións de comercialización e o cuarto recolle o réxime sancionador.

O decreto establece condicións específicas para a subministración de alimentos de produción propia e produtos de orixe animal entre establecementos de comercio polo miúdo, así como as condicións de comercialización de alimentos preparados en locais utilizados como vivenda privada e os requisitos para os almacéns de apoio dos establecementos de venda polo miúdo.

No procedemento de notificación de inicio de actividade recollido neste decreto establécese o contido mínimo da declaración responsable que, para efectos de inscrición da actividade no rexistro autonómico, debe presentar ante a autoridade competente o operador que elabora alimentos en locais utilizados principalmente como vivenda privada.

Así mesmo, establece un réxime sancionador específico para as infraccións relacionadas coa obriga de comunicación con carácter previo ao comezo das actividades.

O decreto entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVA O PLAN DO LITORAL COA LIÑA DE AXUDAS DE 5 M€ PARA ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS DA FRANXA DO MAR, QUE POTENCIARÁ O TURISMO DE COSTA

- A convocatoria enmárcase no Plan do litoral, que o Goberno galego está a impulsar para garantir o desenvolvemento da actividade económica da franxa costeira desde o máximo respecto aos aspectos ambientais e sociais
- Poderán beneficiarse as empresas turísticas de aloxamento e restauración situadas no marco xeográfico costeiro da comunidade
- A convocatoria inclúe tres liñas de acción: mellora da eficiencia enerxética, dixitalización dos recursos turísticos e mellora da fachada litoral
- Galicia avanza así na aplicación da Lei galega do litoral e no exercicio pleno das competencias de ordenación da costa, tras consumarse o pasado 1 de xullo o traspaso de medios, servizos e funcións por parte do Goberno central

O Consello da Xunta tomou razón hoxe da liña de axudas destinada ao embelecemento do litoral galego, que suporá un investimento de 5M€ en distintas actuacións de mellora enerxética, dixitalización e mellora das fachadas dos edificios da liña de costa de Galicia. A nova convocatoria enmárcase no desenvolvemento do Plan do litoral que o Goberno galego está a impulsar tras asumir a xestión da franxa costeira en aplicación da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (Loxilga), que se presenta como unha oportunidade para o desenvolvemento da actividade económica, en xeral, e neste caso, da turística nestas zonas, reforzando o seu papel tractor na economía local.

Con esta nova convocatoria, Turismo de Galicia impulsa unha actuación de promoción do litoral que permitirá, ademais, potenciar o turismo de costa ao favorecer que os edificios e establecementos turísticos se integren coa paisaxe desde o máximo compromiso cos valores ambientais, incrementando o atractivo turístico desta contorna.

A orde de axudas está dotada con 5M€ financiados polos fondos NextGeneration da Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Ademais, a convocatoria dá continuidade ao Plan territorial do litoral aprobado en 2022, que xa incluía unha liña de axudas para este mesmo fin por un importe de máis de 2M€ convocada en 2023 tamén con fondos europeos. Este plan territorial, executado por Turismo de Galicia, tiña como obxectivo mellorar e potenciar o litoral galego actuando sobre recursos naturais, culturais e patrimoniais e sobre as infraestruturas e equipamentos, concienciando sobre a súa conservación, apostando pola súa rehabilitación e destacando o seu valor como reclamo turístico, promovendo a xestión sustentable desde os destinos e potenciando o territorio litoral.

Tres liñas diferenciadas

Estas axudas inclúen tres liñas de acción, unha de eficiencia enerxética, outra de dixitalización de recursos con potencial turístico e unha terceira de mellora da fachada do litoral galego. Na primeira delas, a de eficiencia enerxética, inclúe a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación para reducir o consumo de enerxía dos edificios completos, locais ou partes do edificio destinado a establecemento

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

turístico tanto no que atinxe á iluminación de espazos interiores como á exterior ornamental e aparcadoiros de vehículos ao aire libre.

No que atinxe á liña de dixitalización de recursos turísticos, sufragaranse gastos derivados da transformación dixital, de desenvolvemento de códigos QR para o ámbito turístico e tamén de ferramentas dixitais para coñecer o destino antes de visitalo.

Na liña de mellora de fachada do litoral galego, inclúense actuacións de revestimento e/ou pintado de E, renovación das carpintarías ou cerrallarías exteriores, que supoñan un impacto paisaxístico como consecuencia do deficiente estado de conservación ou da tonalidade e/ou a intensidade da actual cor de acabado e remate ou renovación do acabado exterior de cuberta. Ademais, tamén cubrirán o revestimento dos muros de peche da parcela onde se sitúa o establecemento turístico realizados con ladrillo ou bloques de formigón e tamén os gastos de elaboración do proxecto de obra e honorarios e custos da dirección facultativa das actuacións.

As actuacións e os gastos vinculados coa axuda concedida deberán estar realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 30 de xuño de 2026.

Poderán solicitar estas axudas os titulares -persoas físicas ou xurídicas- de establecementos turísticos de aloxamento e de restauración situados en municipios costeiros, no marco xeográfico do litoral de Galicia. En concreto, poderán ser hoteis, campamentos de turismo, establecementos de turismo rural, entre outras tipoloxías de aloxamento e tamén restaurantes, cafetarías e bares.

As persoas interesadas poderán ampliar información sobre esta liña de achegas e as novas actuacións sobre o litoral na páxina web de Turismo de Galicia, no novo espazo web Galicia litoral ou no novo servizo de atención sobre o litoral no teléfono 012.

Deste xeito, Galicia avanza na aplicación da Loxilga e no exercicio pleno das competencias de ordenación e xestión da costa tras consumarse o pasado 1 de xullo o traspaso de medios, servizos e funcións por parte do Goberno central á comunidade autónoma.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UNHA BOLSA DE FORMACIÓN EN INNOVACIÓN E INVESTIGACIÓN NO ÁMBITO EUROPEO NA OFICINA DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA EN BRUXELAS

O Goberno galego inviste preto de 20.000 euros na axuda ao programa formativo, que terá unha duración de 12 meses

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria da Fundación Galicia Europa (FGE) dunha bolsa de formación, por un importe de case 20.000 euros, dirixida a persoas con título universitario para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación, financiada e titorizada pola Axencia Galega de Innovación da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. A contía investida destínase ao pagamento do salario da persoa beneficiaria, gastos de viaxe, cotas da Seguridade Social e cobertura sanitaria.

O programa formativo da bolsa terá unha duración de 12 meses na propia oficina da FGE en Bruxelas, aínda que coa opción de levar a cabo breves períodos formativos na sede da propia Axencia ou noutras dependencias que se determinen. A publicación da convocatoria prevese en setembro e a persoa bolseira incorporarase en xaneiro de 2026.

A iniciativa enmárcase no programa anual de bolsas de formación en proxectos europeos impulsado pola FGE, así como no seguimento das políticas comunitarias relacionadas coa innovación e a investigación. Neste caso, está centrada no ámbito da innovación e a investigación.

A Axencia Galega de Innovación é membro do padroado da Fundación Galicia Europa (FGE) e contribúe anualmente coas súas achegas ao financiamento da actividade fundacional. A importancia da innovación e da investigación para o ecosistema galego de innovación, a formación da mocidade neste ámbito, así como o coñecemento dos programas europeos de apoio a estas políticas, son elementos primordiais para un crecemento competitivo e sustentable da economía galega. Isto require un esforzo continuado na formación dos recursos humanos para adaptar as novas demandas ás actuacións das persoas tituladas superiores universitarias que inician a súa actividade neste sector.

Fundación Galicia Europa

A Fundación Galicia Europa (FGE) é unha entidade instrumental do sector público autonómico creada en 1988 co fin de promover todas as accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa. Conta con dúas oficinas: unha en Santiago de Compostela e outra en Bruxelas; esta última forma parte das preto de 300 delegacións rexionais establecidas na capital comunitaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA HABILITA UNHA LIÑA DE AXUDAS DUN MILLÓN DE EUROS PARA FACILITAR A INCORPORACIÓN AO MERCADO LABORAL DE NOVOS PROFESIONAIS DO TRANSPORTE

- O presidente do Executivo autonómico, Alfonso Rueda, informou hoxe desta innovadora medida, dotada cun millón de euros, para “acceder a estas profesións para as que fan falta unas actitudes e unha titulación”
- Cóbreñse os gastos de obtención do certificado de aptitude profesional e dos permisos de condución das clases C e D
- O obxectivo é mellorar a empregabilidade dun sector da poboación, ademais de contribuír a paliar a escaseza de condutores para determinados vehículos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe sobre a convocatoria dunha nova orde de axudas dotada cun millón de euros para a obtención do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial e na modalidade ampliación ou promoción, así como dos permisos de condución das clases C e D.

Rueda, que lembrou que a Xunta xa conta con axudas específicas para que os menores de 30 anos saquen o carné de conducir de coche ou de moto, sinalou que “queremos ampliar para que as persoas que decidan dedicarse ao transporte de xeito profesional poidan ter axudas”, e así “acceder a estas profesións para as que fan falta unhas actitudes e unha titulación” nun dos sectores “nos que se están producindo máis vacantes”.

A iniciativa anunciada hoxe, que se pon en marcha por primeira vez, establecerá dúas liñas co obxectivo facilitar a incorporación de condutores profesionais ao mercado laboral. Segundo subliñou Rueda, búscase así dar resposta á necesidade de profesionais do sector do transporte de mercadorías e do transporte de viaxeiros por estrada, debido á carencia de persoal que cumpra cos requisitos legais exixidos para o desenvolvemento da condución de determinados vehículos.

A orde incluírá dúas liñas. Unha delas destinarase a subvencionar os cursos realizados coa cualificación de apto para a obtención do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial ou de ‘ampliación ou promoción’, para o exercicio da actividade de condutor profesional de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada. A outra liña subvencionará a obtención dos permisos de condución das clases C, C1, C1+E, C+E, D, D1, D1+E.

O importe máximo que percibirá cada persoa será de 1.200 euros, tanto para a obtención do permiso de condución das clases C, C1, C+E, D, D1, D1+E e/ou D+E como para a do certificado de aptitude profesional (CAP). Na modalidade de ‘ampliación ou promoción’ a contía máxima será de 300 euros. En todo caso, a axuda non pode exceder o total aboado polo alumnado nin superar os 3.900 euros no caso de percibir axudas a través das dúas liñas.

A medida vai dirixida a persoas maiores de 18 anos e empadroadas en Galicia. Deberán ter aboados os custos dos cursos, da matrícula e das clases de condución. Os cursos para a obtención do certificado de aptitude profesional e dos permisos de conducir das

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

clases C ou D teñen que realizarse en Galicia, a través das empresas autorizadas como centros de formación CAP ou autoescolas.

A previsión é publicar a nova orde de axudas no Diario Oficial de Galicia (DOG) o 13 de agosto. O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará o 1 de outubro de 2025 e finalizará o 30 de outubro de 2025, ou cando se esgoten os fondos. A través da medida cubriranse os gastos subvencionables realizados do 30 de outubro de 2024 ao 30 de outubro de 2025.

Pola súa banda, as empresas que queiran adherirse como entidades colaboradoras disporán dun mes para facelo a partir da publicación da orde de axudas no DOG. Constarán como tal na páxina web da Dirección Xeral de Mobilidade e as solicitudes de axudas xestionaranse a través delas.

Co lanzamento desta nova convocatoria, a Xunta quere mellorar as posibilidades de empregabilidade dun sector da poboación, ampliando as súas competencias e o seu currículo, como elemento de profesionalización, e promover a súa incorporación ao mercado laboral. De xeito simultáneo, inténtase paliar a escaseza de condutores profesionais, problema xeneralizado nas empresas de loxística da Unión Europea.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA LLE SOLICITARÁ AO GOBERNO CENTRAL A CONVOCATORIA DA COMISIÓN MIXTA DE TRANSFERENCIAS PARA ASUMIR AS COMPETENCIAS SOBRE INSTALACIÓNS AERONÁUTICAS DE COMPETENCIA GALEGA

O Consello do Goberno galego autorizou a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a iniciar os trámites necesarios para exercer as competencias actualmente asumidas polo Estado, co traspaso dos recursos precisos

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a solicitarlle ao Goberno central a convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias para consensuar o traspaso dos medios humanos, materiais e económicos precisos para o exercicio das competencias autonómicas en materia de aeródromos e heliportos non cualificados de interese xeral polo Estado. Así o anunciou o presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, salientando esta decisión como "un acordo que ten que ver coa axenda comezada pola Xunta de Galicia de reforzo do noso autogoberno".

Para o presidente, o obxectivo desta solicitude é mellorar a prestación destes servizos e impulsar o sector aeronáutico galego en prol do desenvolvemento económico e a creación de emprego na comunidade. Tómase esta decisión no marco da Iniciativa Estratéxica en Seguridade, Defensa e Aeroespazo, aprobada polo Consello o pasado maio e que mobilizará ata o ano 2030 "uns 900 millóns de euros procedentes da colaboración público-privada, e na que a utilización deste tipo de instalacións é moi importante", tal e como sinalou Rueda.

A iniciativa enmárcase, ademais, no interese da Xunta por ampliar o teito competencial de Galicia, asumindo efectivamente unha competencia que xa recolle o Estatuto de autonomía como exclusiva da comunidade, aínda que "na práctica é o Estado quen está a exercela", ao dispoñer dos medios e servizos necesarios. Cómpre sinalar que o Estado xa creou un precedente co traspaso desta materia, en 2011, á Comunidade Autónoma de Aragón, resultado da negociación da Comisión Mixta de Transferencias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA O APOIO ÁS UNIVERSIDADES EN MATERIA DE I+D+I CUNHA INXECCIÓN DE CASE 21 M€, O QUE CONSOLIDA UN INVESTIMENTO DE 80M€ DESDE 2019

- O Consello autoriza esta nova partida para que os tres entes universitarios públicos intensifiquen a súa actividade investigadora entre 2025 e 2026, un 10% máis
- Estes novos recursos, que se formalizarán a través de convenios específicos coa USC, a UVigo e a UDC, son unha liña prioritaria do Plan de financiamento universitario
- Entre outros conceptos, os convenios inclúen o financiamento basal dos centros de excelencia, así como a captación e retención de talento investigador
- As achegas destinaranse tamén a obras, acondicionamento de laboratorios e adquisición de equipamento tecnolóxico de alta especialización

A Xunta reforza de novo o apoio ás tres universidades públicas galegas en materia de I+D+i cunha inxección orzamentaria de 20,7M€ para este ano e o próximo (un 10% máis que no bienio anterior 2023-24), o que eleva a preto de 80M€ as achegas realizadas polo Goberno galego desde o ano 2019 neste eido, que é unha das liñas prioritarias do Plan galego de financiamento universitario.

O Consello da Xunta autorizou hoxe estas achegas, que se formalizarán a través da sinatura de tres novos convenios de investigación coa Universidade de Santiago de Compostela (USC), coa de Vigo (UVigo) e coa da Coruña (UDC).

Esta liña de axudas, creada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP para unificar os esforzos impulsados neste ámbito, está dirixida, principalmente, ao fortalecemento das infraestruturas científicas e equipamento tecnolóxico, de tal xeito que as universidades poidan intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

Entre outros conceptos, inclúen o financiamento basal dos centros de excelencia da Rede CIGUS de centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, así como a captación e retención de talento investigador. Fináncianse, igualmente, o impulso e divulgación científica, estratexias para promover as titulacións duais e accións para a especialización dos campus, así como as obras, o acondicionamento de laboratorios e adquisición de equipamento tecnolóxico de alta especialización.

Adquisición de material de alta resolución na USC

No caso da Universidade de Santiago de Compostela, marca como áreas prioritarias do convenio a actualización de infraestruturas científicas, as estruturas de investigación e captación de talento, as accións transversais de I+D+i, as iniciativas en materia de mestrados e graos, as obras singulares e as accións en divulgación, para o cal recibirá da Xunta un montante de case 9,3M€.

En canto á actualización de infraestruturas científicas, destaca a instalación de acuarios para a experimentación con peixe-cebra no Ceviobet (Centro de Medicina e Veterinaria) no Campus de Lugo ou a adquisición de equipamento básico para distintas unidades de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

investigación como un espectómetro de masas, un microscopio electrónico de transmisión de alta resolución ou un irradiador preclínico de pequenos animais para estudos de radioterapias innovadoras, entre outros.

Na epígrafe de estruturas de investigación, grazas a esta achega da Xunta, a Universidade de Santiago de Compostela poderá incorporar persoal investigador consolidado en convocatorias como Ramón y Cajal ou Beatriz Galindo, a participación en convocatorias de transferencia de coñecemento de carácter internacional no marco do Horizonte Europa e dos programas de cooperación territorial Interreg e Erasmus+, o apoio ás estruturas de investigación dos campus de especialización e dos centros singulares de investigación da Rede CIGUS.

En materia de graos e mestrados, a USC impulsará accións de mellora de determinadas titulacións enfocadas a elevar as taxas de ocupación dos egresados, así como fomentar a captación de alumnado estranxeiro e obter selos internacionais de calidade. Neste punto tamén se inclúe o financiamento da redacción do proxecto de reforma e ampliación do complexo docente para o traslado da Facultade de Formación do Profesorado no Campus de Lugo.

En canto a infraestruturas e equipamento, destaca a segunda fase de reforma integral do Observatorio Astronómico Ramón María Aller e o acondicionamento de espazos de investigación no Campus Sur de Santiago de Compostela e na Facultade de Veterinaria do Campus de Lugo.

Ecosonda científica para fondos mariños na UVigo

A Universidade de Vigo centra as áreas obxecto do convenio na captación do talento, os centros, as estruturas de investigación, as obras singulares e outras accións con foco específico na I+D+i e na calidade da docencia, para o cal recibirá unha achega da Xunta de 5,6M€.

A primeira delas executarase con incentivos tanto para a consolidación como para a atracción de talento para novas necesidades estratéxicas e para apoiar os investigadores pertencentes a programas como o Ramón y Cajal, Beatriz Galindo, Juan de la Cierva ou do Consello Europeo de Investigación (ERC).

No que atinxe aos centros de investigación, inclúese a adquisición e mellora do equipamento dos centros da Rede CIGUS. Así pois, o Centro de Investigación Mariña (CIM) poderá incorporar unha ecosonda científica, que é un equipamento único capaz de proporcionar datos de alta calidade para rexistros de fondos mariños e columnas de auga. Isto permitirá medicións cuantitativas das propiedades dos fondo mariño, así como o apoio ao seguimento e investigación biolóxicos, físicos e ambientais. Tamén se mellora a dotación dos laboratorios do Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina (Cinbio) e do Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicacións (AtlanTTic).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Inclúense, así mesmo, accións de apoio aos campus de especialización, como a promoción e diferenciación do Campus Crea de Pontevedra coa posta en marcha das olimpíadas Crea, dirixidas a alumnado de bacharelato, entre outros. No Campus Tecnolóxico de Vigo sublíñase a mellora de equipamento informático e o apoio á súa participación en competicións internacionais. Outra epígrafe é o apoio á creación de novas estruturas coma os institutos de Agroecoloxía e Alimentación, de Lingua, de Xustiza e xénero, de Física e Ciencias Aeroespaciais e do Deporte.

Canto ás obras singulares de apoio á investigación, cómpre destacar o equipamento do módulo científico do Cinbio, o acceso ao mesocosmos en terra da estación Ecimat, que permite a experimentación en grandes volume de auga de mar en condicións próximas ás do medio natural, o laboratorio cuántico do Vigo Quantum Communication Center no AtlanTTIC ou a mellora das salas isotérmicas do CIM.

Finalmente, a liña de apoio á calidade da docencia abrangue accións para a mellora dos mestrados que contan co selo de excelencia, como son o de Tradución para a comunicación internacional, de Biotecnoloxía avanzada e de Matemática industrial, así como para a innovación docente, coa posta en marcha de espazos virtuais de experimentación.

Potenciación da captación e retención de talento na UDC

A Universidade da Coruña sitúa como actuacións preferentes as enmarcadas no reforzo, integración e consolidación das estruturas centralizadas de I+D+i, na especialización dos centros de investigación, na innovación educativa e a dixitalización e na proxección institucional. A Xunta de Galicia apoia estas actuacións cunha achega de preto de 5,8M€ entre 2025 e 2026.

No primeiro dos puntos, a través deste convenio autorizado hoxe, a UDC proporcionará apoio ás oficinas técnicas e de xestión en materia de innovación e investigación co fin de potenciar a captación e retención de talento, a produción científica, a captación de fondos e a transferencia de coñecemento. Neste senso, prevese a definición do novo programa *Conecta* para valorar os resultados de investigación mediante o contacto con empresas, así como o impulso da Oficina de Captación de Persoal Investigador (OCPI) co obxectivo de posicionar a UDC como institución de referencia en acollida e retención de talento en Galicia, a atracción de persoal investigador alleo á UDC, a prestación de asesoramento técnico individualizado a este persoal, así como un servizo integral de apoio.

En canto aos centros de investigación, apóstase por melloras no desempeño da actividade investigadora centrada na incorporación de talento novo con alta proxección internacional, na coordinación e colaboración entre centros para o aproveitamento de sinerxías e a súa potenciación a nivel individual como centros de referencia no seu eido de investigación.

Para isto, no CICA (Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía) melloraránse os laboratorios e reforzaranse as liñas de actuación en materia de experimentación animal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No CITIC (Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e a Comunicación), incrementarase a capacidade de refrixeración do centro de procesamento de datos e porase en marcha un programa de potenciación do prototipado e xeración de proxectos piloto para a transferencia de coñecemento. No CITEEC (Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil) tamén se incidirá na busca de alianzas estratéxicas con administracións e entidades privadas para a transferencia e aplicación efectiva de resultados de investigación á sociedade.

No que atinxe á innovación educativa e dixitalización, a UDC impulsará o programa *Sigma Academic* como unha solución integral para a xestión académica enfocada na modernización e optimización dos procesos universitarios, reforzará os seis mestrados de excelencia con que conta e promoverá a adecuación técnica e a acreditación de calidade de laboratorios, unidades e centros de investigación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIA OS TRABALLOS PARA ELABORAR A ESTRATEXIA DE EXCELENCIA DA BIOTECNOLOXÍA EN GALICIA 2026-2030

- O Consello autoriza un convenio con Bioga, Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida de Galicia, para desenvolver esta ambiciosa folla de ruta
- O obxectivo é acadar a excelencia deste sector estratéxico para a nosa Comunidade, definido como unha prioridade no novo Plan de I+D+i polo seu alto impacto

A Xunta de Galicia inicia os traballos para desenvolver a nova Estratexia de excelencia da biotecnoloxía, que terá vixencia para o período 2026-2030. Con esta finalidade, o Consello autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e Bioga, Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida, para os traballos de definición, realización e execución desta folla de ruta, que ampliará o importante labor desenvolvido desde 2016, un tempo no que a nosa Comunidade foi quen de posicionarse como un referente nesta materia.

A biotecnoloxía é definida no novo Plan galego de investigación e innovación, aprobado o pasado mes de febreiro, como un sector clave para Galicia e de alto impacto pola súa capacidade para impulsar unha transformación profunda, un impacto económico relevante no tecido produtivo, o avance da I+D+i e o desenvolvemento do ecosistema existente. De feito, ademais da elaboración desta estratexia, o plan prevé outras medidas de apoio ao sector como a creación dunha oficina de transferencia do coñecemento especializada en biotecnoloxía ou convocatorias de axudas a proxectos colaborativos.

O convenio autorizado hoxe -que se artella a través da Axencia Galega de Innovación- inclúe tamén a monitorización dos datos da situación actual do sector, unha análise das súas tendencias e identificación das súas capacidades e barreiras e actuacións de promoción e difusión dos resultados da estratexia anterior e de presentación da nova. En definitiva, persegue promover a competitividade do ecosistema biotecnolóxico galego e mellorar a visibilidade e posicionamento do sector a nivel nacional e internacional.

Balance intermedio da estratexia anterior

O balance intermedio da Estratexia de consolidación do sector biotecnolóxico avanzou que o sector contaba en Galicia con 66 empresas cuxa actividade principal era a biotecnoloxía e máis de 160 entidades que desenvolvían produtos ou servizos baseados nela. Ademais, entre o 2021 e o 2023, as empresas biotecnolóxicas galegas incrementaron significativamente o seu impacto na economía da nosa Comunidade.

Neste senso, o investimento en biotecnoloxía aumentou máis dun 20% respecto a 2020 e constitúe xa o 17% do gasto de I+D en Galicia. Tamén é significativo o incremento do número de persoas que traballan neste eido, que superan xa as 1.720 persoas, un 6% máis.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para desenvolver a nova estratexia, a Xunta volve aliarse con Bioga, dado que é a asociación empresarial máis representativa deste sector e aglutina 130 entidades integradas na cadea de valor do ecosistema biotecnolóxico galego. Ademais, conta cunha traxectoria recoñecida na planificación, o que a converte no axente idóneo para este fin.

Modificación dos estatutos do Cesga

Outro dos ámbitos de especialización de Galicia en materia de I+D+i son as tecnoloxías profundas, eido onde se integra a cuántica. Precisamente, o Consello da Xunta aprobou tamén unha modificación dos estatutos do Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) para reforzar a súa estrutura de xestión. Os novos estatutos substitúen o modelo de dirección unipersoal por un equipo directivo con perfís especializados en ciencia, xestión e infraestruturas, adaptado ao crecemento e proxectos de alto impacto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA GARANTE POR CUARTO CURSO CONSECUTIVO A GRATUIDADE DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 8,2 MILLÓNS DE EUROS

- No período 2025-2026 financiaranse unhas 7.300 prazas de 0 a 3 anos en 145 centros de titularidade municipal
- Esta medida está á disposición de máis de 32.000 familias galegas que levan os seus fillos a unha escola infantil pública, de iniciativa social ou privada

O Consello da Xunta aprobou hoxe un investimento de máis de 8,2 millóns de euros de fondos propios da Administración autonómica para o funcionamento e para dar continuidade á gratuidade nas escolas infantís e puntos de atención á infancia que dependen dos concellos. Con este orzamento, o Executivo autonómico financiará unhas 7.300 prazas en 145 centros de 0 a 3 anos de titularidade municipal, nun esforzo compartido coas administracións locais.

Esta convocatoria para acollerse ao programa da gratuidade da Xunta no primeiro ciclo de educación infantil publicarase en datas próximas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e as entidades locais interesadas poderán presentar as súas solicitudes do 1 ao 30 de setembro, ao igual que aconteceu en anteriores convocatorias.

O obxectivo do Executivo autonómico é que Galicia continúe sendo a comunidade líder en escolarización de 0 a 3 anos, con case un 65% dos nenos e nenas matriculados, o que supón 15 puntos máis que a media nacional e se sitúa a niveis de países europeos como Suecia e Dinamarca.

A Xunta iniciou no ano 2020 a implantación da gratuidade da atención educativa 0-3, que hoxe está á disposición de máis de 32.000 familias que non teñen que pagar nada pola atención educativa na escola infantil dos seus fillos, xa sexa esta pública, de iniciativa social ou privada. A Xunta destina máis de 65 millóns de euros de fondos propios a esta medida, que supón para os fogares un aforro duns 3.000 euros por curso.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA ATA 2029 O CONVENIO COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ATENCIÓN DE MENORES NO FOGAR INFANTIL PRÍNCIPE FELIPE

O importe deste novo acordo é de 11,2 millóns de euros e permite dar continuidade a este servizo de acollemento residencial e de atención diúrna que conta con 105 prazas

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe á sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Deputación Provincial de Pontevedra para a atención a nenas, nenos e adolescentes no centro Fogar Infantil Príncipe Felipe. O importe deste acordo é de 11,2 millóns de euros e permite dar continuidade a este servizo de acollemento residencial e de atención diúrna durante catro anos, ata 2029.

A Xunta leva desde os anos 90 colaborando coa Deputación de Pontevedra para o sostemento deste centro de protección da infancia e da adolescencia. Neste equipamento, a Xunta conta con 105 prazas, das cales 75 son de acollemento residencial e 30 de centro de día. En total, son 16 prazas máis que as incluídas no convenio anterior, asinado en 2021.

Ademais da rede autonómica de centros de atención, a Xunta pon á disposición dos menores máis vulnerables unha serie de programas para axudalos a superar a súa situación e para que se desenvolvan de maneira satisfactoria. Entre outros, os principais son: o Mentor, para a inserción sociolaboral, o programa de tránsito á vida adulta, o de integración familiar e o programa socioeducativo de ocio e tempo libre.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA AS OBRAS DO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO DE STOLT SEA FARM EN RIANXO

- Os traballos iniciaranse de inmediato e a iniciativa suporá un investimento de máis de 44,8 millóns de euros e a creación de 173 postos de traballo ao rematar o proxecto
- A compañía incorporará na futura planta equipamentos da máis alta tecnoloxía e eficiencia enerxética e produtiva, e no seu interior contará tamén cunha área de I+D+i
- O proxecto permitirá ampliar a capacidade de procesado e envasado que actualmente se centraliza en Lira
- Stolt Sea Farm é unha empresa líder en acuicultura terrestre de alta tecnoloxía que opera en cinco países, con case 600 empregados e 14 granxas a nivel global, a metade delas en Galicia
- É o segundo proxecto industrial estratéxico (PIE) que se aproba de forma definitiva en Galicia, dos 16 que a Administración autonómica ten declarados hoxe en día

O Consello da Xunta autorizou hoxe a execución das obras da primeira fase da nova planta de adaptación para a primeira venda e envasado de peixe plano (rodaballo e linguado) promovida por Stolt Sea Farm no polígono industrial de Rianxo e cuxas obras se iniciarán de xeito inmediato, nas próximas semanas. O proxecto, declarado proxecto industrial estratéxico (PIE), suporá un investimento de 44,8 millóns de euros e a xeración de 100 postos de traballo directos, que chegarán a 173 unha vez executada a segunda fase.

A execución desta primeira fase inclúe unha planta que contará cunha superficie de máis de 21.200 m² e permitirá ampliar a capacidade de procesado e envasado que actualmente se centraliza na planta de Lira (Carnota), así como a automatización do procesado do rodaballo e linguado fresco que engorda nas granxas da empresa, o que achegará unha maior valorización dos produtos acuícolas e un mellor aliñamento coa demanda do consumidor.

O proxecto incorporará equipamentos da máis alta tecnoloxía e eficiencia enerxética e produtiva e, ademais, no seu interior contará cunha planta de I+D+i, que afondará na colaboración xa existente cos centros tecnolóxicos e outros axentes relevantes do ámbito da investigación. Con esta actuación, búscase dar resposta á demanda de novos formatos de comercialización, ao mesmo tempo que se implanta un modelo de integración vertical co resto das súas plantas.

Stolt Sea Farm é unha grande empresa líder en acuicultura terrestre de alta tecnoloxía, principal provedora de rodaballo e linguado, que exporta preto do 60 % da súa produción. Ten unha capacidade de produción anual de 6.500 toneladas de rodaballo e 1.700 toneladas de linguado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Fundada en Noruega en 1972, opera en cinco países con case 600 empregados e 14 granxas a nivel global. A metade delas encóntrase en Galicia, cun total de sete granxas de cultivo sustentable de peixe plano situadas en diferentes zonas da costa galega, onde traballan 450 persoas: Cabo Vilán (Camariñas), Cervo (Lugo), Couso (Ribeira), Lira (Carnota), Merexo (Muxía), Palmeira (Ribeira) e Quilmas (Carnota).

Este é o segundo proxecto industrial estratéxico (PIE) que se aproba definitivamente na Comunidade Autónoma dos 16 que a Administración galega ten declarados hoxe en día. O último deles foi a ampliación da planta de Urovesa en Valga, declarado PIE a pasada semana polo Consello da Xunta.

16 proxectos industriais estratéxicos

Ata o momento, o Goberno galego declarou un total de 16 proxectos industriais estratéxicos en Galicia. En conxunto, todos eles suman unha mobilización global duns 2.500 millóns de euros e máis de 4.500 empregos. De acordo co previsto na normativa reguladora desta figura, estes proxectos serán agora tramitados, para a súa aprobación, de forma conxunta, prioritaria e urxente pola Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético da Consellería de Economía e Industria.

Os proxectos declarados estratéxicos son: H2Pole, o centro de produción de hidróxeno verde promovido por Reganosa e EDP Renovables nas Pontes; a fábrica de pneumáticos de Sentury Tire tamén neste concello; a planta de metanol verde en Mugardos, de Forestal del Atlántico, así como a de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei; a planta de biofibra reciclada de Ence nas Pontes; a de hidróxeno renovable de Naturgy, Repsol e Reganosa en Cerceda; as instalacións proxectadas por Stolt Sea Farm en Rianxo; o proxecto de extracción de cobre nos concellos do Pino e Touro, promovido por Cobre San Rafael; a planta de xeración, almacenamento e distribución de hidróxeno verde de AccionaPlug en Arteixo; o proxecto dun centro de procesamento de datos no concello de Curtis, impulsado por Galicia Green Data Center; a planta de produción de carbón vexetal de Xeal en Dumbría; a terminal de almacenamento de betume asfáltico, no porto de Vilagarcía de Arousa, de Betunes Gallegos, S.L.U.; a factoría de biometano impulsada por Norbiogás Biometanol no polígono industrial de Curtis; a nova planta de produtos do mar conxelados de Congalsa, na Pobra do Caramiñal; a que proxecta Nueva Pescanova en Arteixo, e o último, a ampliación da planta de Urovesa en Valga.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PERMITE A TRAMITACIÓN DOS DOUS PRIMEIROS PARQUES EÓLICOS QUE XERARÁN BENEFICIOS SOCIAIS E ECONÓMICOS NO TERRITORIO POR IMPORTE DE MÁIS DE 15 M€ TRAS A APROBACIÓN DA LEI DE RECURSOS NATURAIS

- Os parques Greco e Baro subministrarán enerxía a prezo competitivo á planta de produción de silicio metálico do Grupo Ferroatlántica en Sabón (A Coruña)
- A súa instalación vén acompañada dun plan de acción que beneficiará os preto de 46.000 veciños de 17 concellos, desde descontos na factura da luz dun 30% para familias e pemes ata axudas e subvencións a centros de maiores
- A sentenza do TXUE avala a política enerxética da Xunta pero, con independencia desta resolución, o Goberno galego non estivo parado, senón que adoptou medidas para garantir a seguridade xurídica e o desenvolvemento eólico
- En Galicia hai na actualidade 193 parques eólicos a funcionar, que suman 4.020,9 MW, e 92 parques autorizados e paralizados xudicialmente con máis de 2.497 MW

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello da Xunta aprobou hoxe declarar os parques Baro e Greco proxectos cunha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, o que permitirá a súa execución fóra das áreas de desenvolvemento enerxético (ADE). A súa construción fará posible subministrar enerxía verde e competitiva á fábrica de silicio metal en Sabón (A Coruña) e serán os primeiros parques que xerarán beneficios socioeconómicos de forma directa no noso territorio, tal e como determina a Lei de promoción de dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, máis coñecida como Lei de recursos naturais.

Desde a súa entrada en vigor, o 1 de xaneiro de 2025, a Lei de recursos naturais marca a política enerxética e industrial de Galicia e garante que calquera proxecto, ademais de ser ambientalmente viable, debe asegurar a xeración de riqueza social e económica na zona onde se implante.

Así mesmo, a sentenza ditada o pasado venres, 1 de agosto, pola sala décima do Tribunal de Xustiza da UE (TXUE), avala a tramitación dos parques en Galicia, lembra a importancia de dar axilidade aos procedementos de concesión de autorizacións que afectan o despregamento das enerxías renovables e infraestruturas conexas e está en plena sintonía coa política enerxética da Xunta de Galicia, “de xeito xusto, ordenado e gradual”, tal e como o destacou Alfonso Rueda.

Pero, con independencia desta resolución, “a Xunta nunca se quedou parada”, senón que adoptou medidas tanto para garantir a seguridade xurídica do desenvolvemento eólico como para acadar que estes proxectos teñan repercusión social e económica na nosa Comunidade, nos nosos concellos e, especialmente, na cidadanía galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Actualmente, hai 193 parques eólicos a funcionar, que suman 4.020,9 MW, e 92 autorizados e paralizados xudicialmente, que suman máis de 2.497 MW de potencia.

Primeira declaración de excepcionalidade

Así, os parques de Baro e Greco, de tramitación estatal, son os primeiros exemplos desta política enerxética en beneficio da cidadanía e da industria. Sen esta declaración de excepcionalidade non se poderían tramitar e inclúen medidas de impacto social e económico na contorna onde se implantarán; esta é a primeira declaración de excepcionalidade que se realiza dende a entrada en vigor da Lei de recursos naturais.

Según destacou o presidente, "estes parques poderán instalarse e isto supón unha serie de obrigas". Impulsados por Villar Mir Energía (VME), o promotor deberá cumprir unha serie de requisitos para instalarse en Galicia, entre eles, que a subministración de enerxía incluída no contrato ou contratos de compravenda de enerxía (PPA) supoña, polo menos, o 80 % da enerxía producida. Estímase que os aforros na factura eléctrica ao longo da vida dos contratos PPA (10 anos) superaría os 13 millóns de euros, o que facilitaría a competitividade da planta.

Así mesmo, os parques veñen acompañados por primeira vez, e tal e como determina a Lei de recursos naturais, dun plan de medidas socioeconómicas, neste caso, dirixido aos preto de 46.000 habitantes dos 17 concellos onde está prevista a implantación das infraestruturas.

Rebaixas de entre 150 e 300 euros/ano

No parque de Baro, as medidas beneficiarán sete municipios da provincia de Lugo: Castro de Rei, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, A Pastoriza, Pol e Riotorto, mentres que no proxecto Greco serán un total de dez concellos: seis en Pontevedra (A Cañiza, Cerdedo Cotobade, O Covelo, Fornelos de Montes, A Lama e Ponte Caldelas) e catro na provincia de Ourense: Avión, Beariz, Carballada de Avia e Melón.

O plan de medidas socioeconómicas ten un importe estimado de 15,2 millóns de euros e inclúe, entre outras vantaxes, "un aforro de costes importante", con descontos anuais na factura de luz e gas para os veciños e veciñas e tamén para as pequenas e medianas empresas asentadas nestes territorios. Os descontos poden chegar ata os 300 euros.

Ademais, o plan contempla a posibilidade de participación no proxecto, cun 5% de interese anual, así como un desconto en instalacións de autoconsumo solar do 20% nun prazo de 5 anos, ou créditos a tipo de interese cero para iniciativas empresariais de ata 50.000 euros, entre outras medidas.

Así mesmo, na construción dos parques, o promotor deberá priorizar a contratación de man de obra local e fomentar da inserción laboral de mulleres e persoas mozas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A concesión de créditos a tipos de xuro cero para iniciativas empresariais é outra das accións previstas.

Deste modo, as novas excepcións autorízanse con base nas medidas derivadas de compromisos do promotor co territorio e forman parte da política enerxética da Xunta, que incorpora, ademais, outras como a repotenciación, que nos próximos anos permitirá reducir nun 80% o número de aerogeradores en Galicia e pasar de 3.000 a uns 600 muíños.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACEPTA A CESIÓN DE SOLO DO CONCELLO DE CARBALLO E LICITARÁ POR CASE 550.000 € O PROXECTO PARA CONSTRÚIR 73 VIVENDAS PÚBLICAS NO MUNICIPIO

- O Goberno galego toma razón do expediente de aceptación da cesión gratuíta dunha parcela localizada na rúa Médico José Manuel Lado, núm. 18-20, para seguir ampliando o parque público residencial
- O investimento estimado na execución das obras roldará os 13,9 M€
- Nas vindeiras semanas licitarase a redacción do proxectos básico e de execución e dirección de obra para a construción destas novas vivendas no municipio
- A Xunta mantén o compromiso de seguir avanzando nesta lexislatura no incremento do parque público residencial; neste momento xa ten en marcha máis de 2.800 vivendas

O Consello da Xunta tomou razón hoxe da tramitación do expediente de aceptación de solo cedido á Xunta por parte do concello de Carballo, que permitirá á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, impulsar a construción de 73 vivendas de promoción pública neste municipio coruñés.

No marco do compromiso firme do Goberno galego de duplicar o parque público de vivenda na Comunidade para o ano 2028, a Xunta recibiu o compromiso do Concello de Carballo da cesión da titularidade gratuíta dunha parcela, localizada na rúa Médico José Manuel Lado, núm. 18-20, co fin de crear vivenda protexida de promoción pública na vila.

Deste xeito, na reunión de hoxe, o Goberno galego deulle tamén luz verde á licitación, por preto de 550.000 euros, da redacción do proxectos básico e de execución e dirección de obra para a construción de 73 vivendas públicas, garaxes e rochos na citada parcela.


O investimento estimado na execución deste obras roldará os 13,9 M€

A Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal) licitará estes contratos proximamente e os técnicos ou empresas adxudicatarias terán un prazo de cinco meses para a elaboración dos proxectos.

Con esta nova contratación o Concello de Carballo súmase á rede de localidades que xa colaboran coa Xunta na cesión de solo para o desenvolvemento de vivenda pública. Esta rede inclúe concellos como Pontevedra, Lugo, Teo, Lalín, A Estrada, A Coruña, Vilagarcía de Arousa ou Ames, lista que o Goberno galego confía en seguir ampliando en máis municipios coa colaboración das administracións locais.

A Xunta mantén o compromiso de seguir avanzando nesta lexislatura no incremento do parque público residencial; neste momento xa ten en marcha máis de 2.800 vivendas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA AXUDAS POR IMPORTE DE 2,1 M€ DESTINADAS A PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS

- Incrementábase o investimento nun 4,4 % respecto da convocatoria anterior
- As actividades que financiará a Xunta permitirán potenciar factores de protección fronte ás adiccións, promover estilos de vida saudables e tempo libre positivo entre a mocidade
- O carácter trienal das axudas permite desenvolver intervencións sostidas no tempo, máis eficaces, promovendo unha maior estabilidade nos equipos humanos que as levan a cabo
- Estas axudas complementan outras accións da Consellería de Sanidade, como o Plan Inspira Saúde en Galicia 2023-2027, de actuación fronte ao tabaquismo, o Plan de prevención de trastornos adictivos ou a Rede galega de espazos sen fume
- Están en liña co proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas aditivas aprobado a semana pasada polo Consello da Xunta

O Goberno galego autorizou hoxe axudas para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven o seu labor no eido da prevención, por importe de 2.130.000 euros, ata o ano 2028.

Con estas axudas de carácter trienal, que se incrementan nun 4,4 % respecto da convocatoria anterior (2022-2025), a Xunta, a través da Consellería de Sanidade, reforza o apoio a entidades sociais que loitan contra as adiccións.

A orde que regulará as axudas establecerá o proceso de solicitude, as entidades que poden solicitar os incentivos, os criterios de valoración dos proxectos presentados, as actividades que se poderán desenvolver, o período de realización e os gastos que terán carácter subvencionable. Unha mellor execución do proxecto en convocatorias anteriores implicará unha puntuación máis alta para esta convocatoria.

As actividades que financiará a Xunta permitirán potenciar factores de protección fronte ás adiccións, promover estilos de vida saudables e tempo libre positivo entre a mocidade, apoiar as familias, educadores e colectivos como axentes de saúde e detectar e achegar ás redes asistenciais persoas en situación de exclusión.

Tamén posibilitará o descubrimento de poboacións de persoas consumidoras de substancias psicoactivas que viven á marxe do sistema sanitario e de protección social e o seu achegamento a eles, así como reforzar o traballo en rede entre entidades e institucións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O carácter trienal destas axudas permite desenvolver intervencións sostidas no tempo, máis eficaces, promovendo unha maior estabilidade nos equipos humanos que as levan a cabo.

Esta convocatoria de subvencións enmárcase dentro do conxunto de actividades que a Consellería de Sanidade desenvolve no marco da planificación estratéxica sobre prevención de condutas adictivas, que inclúen tanto actuacións preventivas como de redución de riscos e diminución de danos, así como medidas legislativas e de vixilancia da normativa vixente en materia de condutas adictivas.

Esta convocatoria complementa outras accións promovidas pola Consellería de Sanidade como o Plan Inspira Saúde en Galicia 2023-2027, de actuación multidisciplinar en tabaquismo, o Plan de prevención de trastornos adictivos ou a Rede galega de espazos sen fume.

As axudas, ademais, están en liña co proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas aprobado a semana pasada polo Consello da Xunta.

Máis de 30 anos de traballo

A Xunta é unha Administración sensible ao problema xerado polo consumo de substancias adictivas e vén traballando neste tema desde hai máis de 30 anos. No ano 1986 naceu o Plan autonómico sobre drogodependencias, co obxectivo de reordenar e vertebrar a loita contra as substancias psicoactivas.

Na actualidade establécese, entre os obxectivos que se pretende acadar, a promoción e o desenvolvemento da prevención das adiccións sen substancia, como o xogo patolóxico, pero explorando tamén outros potenciais como poden ser os videoxogos, pantallas, redes ou pornografía, problemas estes que deberán recibir maior protagonismo nas actividades preventivas nos próximos anos.

As tres substancias máis consumidas pola poboación galega son as bebidas alcohólicas, o tabaco e o cannabis. Así, o 63,5 %, o 33,9 % e o 10,5 %, respectivamente, da poboación galega de 15 a 64 anos consumiu as ditas substancias nos últimos 30 días.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE 5,7 M€ PARA A CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO INTEGRAL DE EQUIPAMENTOS DE ALTA TECNOLOXÍA INSTALADOS NOS HOSPITAIS DEPENDENTES DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- O período de vixencia do contrato será de catro anos
- O contrato inclúe o mantemento de dous equipamentos de radiocirurxía, seis de neuronavegación, un brazo robotizado e tres quirófanos dixitais
- O mantemento e a actualización continua do equipamento tecnolóxico e dos seus compoñentes asociados é esencial para garantir a seguridade dos pacientes e dos profesionais que o utilizan

O Goberno galego autorizou hoxe a contratación do servizo de mantemento integral e evolutivo dos equipamentos de alta tecnoloxía da marca Brainlab, instalados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde. O importe de licitación do contrato ascende a 5.714.874 euros para un período de catro anos.

En todo caso, o contrato prevé a posible prórroga por 12 meses máis, cun valor estimado, neste caso, de 6,8 millóns de euros.

O contrato comprende o mantemento de dous equipamentos de radiocirurxía e rede de planificación de radiocirurxía, seis equipamentos de neuronavegación, rede de planificación de neurocirurxía, un brazo robotizado, tres quirófanos dixitais e dous sistemas de imaxe intra, instalados nas áreas sanitarias da Coruña e Cee; de Santiago de Compostela e Barbanza; de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos; de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, e da área sanitaria de Vigo.

O contrato comprende o conxunto de actividades, procesos, metodoloxía e recursos que se aplican co obxecto de conservar o equipamento tecnolóxico e os compoñentes propios para o seu funcionamento en condicións óptimas o maior tempo posible.

Cómpre remarcar que a tecnoloxía médica é considerada unha das variables clave que inflúen de forma decisiva na calidade do proceso asistencial. Trátase dun dos elementos fundamentais na cadea de diagnóstico e da terapia que posibilita unha correcta asistencia sanitaria.

O mantemento e a actualización continua do equipamento tecnolóxico e dos seus compoñentes asociados é esencial para garantir a seguridade dos pacientes e dos profesionais que o utilizan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA O PROGRAMA 'XUVENTUDE MENTORING' COA MAIOR FINANCIACIÓN DA SÚA HISTORIA

- O Consello dá o visto e prace ao convenio co Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria mediante o que se achegan 1,2 M€ ata 2026
- A iniciativa baséase no traballo das persoas mentoras coa mocidade participante no programa, así como as actividades formativas, a asistencia a eventos e empresas, e o seguimento individualizado de cada unha das persoas mozas.
- Trátase dunha ferramenta esencial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para potenciar o acceso ao mundo laboral entre a mocidade
- Desde a súa posta en marcha, no ano 2021, levan participado nesta proposta preto de 1700 persoas, cunha taxa de inserción laboral superior ao 64%

O Goberno galego reforza o programa *Xuventude Mentoring* cun investimento de 1,2M€, o maior da súa historia, para impulsar unha nova edición desta iniciativa a través do quinto convenio de colaboración co Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (axente integrador das tres universidades públicas galegas). Así o acordou hoxe o Consello da Xunta, no que se deu luz verde ao acordo para o período 2025-2026, dando continuidade a unha iniciativa que busca incrementar as oportunidades de emprego para a mocidade inscrita no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

Así, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, consciente das dificultades da xente nova para descubrir a súa orientación profesional, debido, entre outros, ao descoñecemento das metodoloxías máis axeitadas para a procura de emprego ou ás limitacións para acceder a unha axenda de contactos óptima, mantén a súa aposta firme por este innovador programa, iniciado en 2021 e no que levan participado preto de 1700 persoas cunha taxa media de inserción laboral superior ao 64%.

Deste xeito, a través do *Xuventude Mentoring* preténdese favorecer a transición da vida académica á laboral asentándose en catro piares fundamentais. En primeiro lugar, dáselle prioridade ao traballo coas persoas mentoras con asesoramento e apoio na busca de emprego. En segundo, propóñense diferentes actividades formativas, tanto presenciais coma en liña, que se completan co terceiro pilar: a asistencia a eventos de networking e visitas a empresas, destinadas a mellorar a empregabilidade e as redes de contacto. Por último, a través dun equipo de oito titores, lévase a cabo un seguimento continuado dos mozos favorecendo o contacto cos seus mentores.

Así, ao abeiro deste programa téntase construír unha plataforma integral de apoio á mocidade galega, polo que está aberto á participación de entidades sociais, empresas, asociacións empresariais ou clústeres, a través da sinatura dun modelo de adhesión como colaborador en materia de difusión e promoción da iniciativa. Deste xeito, a Xunta ten por obxectivo que a porcentaxe de inserción laboral dos participantes se incremente en cada edición, cumprindo así coa promoción de medidas que favorezan a activación do emprego, especialmente para a mocidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Atópanse adheridas ao *Xuventude Mentoring* numerosas entidades que representan os sectores de coñecemento e profesionais estratéxicos da nosa Comunidade, como son as tres universidades galegas. Tamén forman parte desta proposta clústeres e asociacións profesionais. Colaboran no programa as empresas Congalsa, Edicións Xerais de Galicia, Mestrelab, Zendal e Lonza, entre outras.

Desenvolvemento do programa

O Goberno galego subvenciona a iniciativa cunha achega de 500.000€ para as actividades que se desenvolvan no que resta de 2025 e de 700.000€ para as previstas ata o 31 de agosto de 2026. As axudas canalizadas a través da Xunta están cofinanciadas nunha porcentaxe do 60% pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

Tras a difusión do programa e a captación das entidades colaboradoras e das persoas mentoras, vaise abrir a convocatoria, que contará cun máximo de 250 persoas. Como requisitos, deberán estar tituladas, ademais de estar inscritas e ser beneficiarias do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ter feitos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. Tras a selección, os participantes comezarán o programa con titorización, formación e mentoring e o seu posterior seguimento ata a súa finalización.

A selección de persoas participantes será levada a cabo polo equipo de xestión a través do propio espazo creado para o [programa](#). Ademais, a convocatoria será publicada na web de [Xuventude](#).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PAGARÁ EN BREVE AS AXUDAS ÁS PERSOAS PRODUTORAS DA IXP FABA DE LOURENZÁ PARA APOIALAS ANTE AS CONDICIÓN METEOROLÓXICAS ADVERSAS DOS ÚLTIMOS ANOS

- A medida, que beneficiará 18 persoas produtoras, chega nun contexto marcado por dúas campañas consecutivas con malas colleitas nos anos 2023 e 2024
- Trátase da primeira vez que se convocan achegas específicas para esta indicación, nunha liña de actuación que se enmarca nas medidas impulsadas polo Goberno autonómico para apoiar sectores agroalimentarios afectados pola meteoroloxía

O Consello da Xunta vén de coñecer que están a piques de pagarse as axudas ás persoas produtoras da indicación xeográfica protexida (IXP) Faba de Lourenzá. Estas achegas, convocadas o pasado 27 de xuño pola Consellería do Medio Rural, están destinadas a cubrir parcialmente os sobrecustos que implica producir este feixón galego con estándares de calidade superiores aos comúns.

A convocatoria enmárcase nun contexto especialmente complexo para o sector, marcado polas malas colleitas de 2023 e 2024, que obrigaron a desbotar unha parte importante da produción por mor das condicións climáticas adversas. En resposta a esta situación, habilitouse un orzamento inicial de 72.000 euros, cunha contía máxima de 2.000 euros por hectárea sementada.

No total, recibíronse 19 solicitudes —a totalidade das persoas titulares das explotacións acollidas á IXP que declararon sementeira en 2024— e, logo da súa revisión, aprobáronse 18, por seren as que cumprían os requisitos. O orzamento final destinado a estas axudas ascende así a algo máis de 68.000 euros.

Estas achegas permitirán ás persoas produtoras facer fronte aos sobrecustos derivados dunha produción moi exixente, que implica seleccionar unicamente feixóns da categoría extra, completamente limpos, sans e exentos de defectos, segundo recolle o prego de condicións da IXP. Ademais, as choivas intensas da primavera de 2024 provocaron graves ataques fúnxicos que afectaron severamente a colleita, cunha porcentaxe de produto apto para a indicación moito menor que en anos anteriores.

Trátase da primeira vez que se convocan axudas específicas para a IXP Faba de Lourenzá, nunha liña de actuación que se enmarca nas medidas impulsadas pola Xunta para apoiar sectores agroalimentarios afectados por fenómenos climáticos adversos, como xa se fixo no seu momento coa denominación de orixe (DO) Ribeira Sacra no ano 2016 ou coa IXP Ternera Gallega en 2024. Ademais desta achega directa, o Goberno autonómico vén desenvolvendo outras accións de apoio á IXP Faba de Lourenzá, como o impulso da formación a través de xornadas no centro Pedro Murias, co obxectivo de fomentar entre as persoas produtoras a incorporación de prácticas agronómicas que contribúan a mellorar a rendibilidade e a calidade do cultivo, como a rotación de cultivos, os marcos de plantación ou a eliminación de viroses na semente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con este tipo de medidas, a Xunta de Galicia busca fortalecer o sector agroalimentario galego e garantir a continuidade da actividade agrícola nas zonas rurais, promovendo a calidade diferenciada e contribuíndo ao prestixio da gastronomía galega. A convocatoria súmase, ademais, a outras accións desenvolvidas pola Consellería do Medio Rural en apoio ao sector, como o impulso á formación técnica e ao fomento de boas prácticas agronómicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 100 M€ ATA O ANO 2030 EN ACCIÓNS ESTRATÉXICAS PARA CONVERTER SOGAMA NUN DOS MOTORES DA TRANSICIÓN CIRCULAR DE GALICIA

- O Consello toma razón dun informe sobre a folia de ruta que se debe seguir a curto prazo co reto de transformar a empresa pública nun instrumento clave tanto na xestión dos residuos como para a xeración de recursos que queden dentro do territorio
- Sogama impulsará novos modelos e tecnoloxías para a recuperación material dos residuos e empezará a xestionar outras fraccións, como téxtiles, cinzas ou escouras
- Así mesmo, traballará na descarbonización dos seus procesos produtivos, substituíndo o uso de gas natural por alternativas enerxéticas máis limpas
- No eido da excelencia e da modernización, a grande aposta da sociedade pública será transformar dixitalmente o seu funcionamento, tanto a nivel industrial como administrativo, para gañar en eficiencia e garantir a rastrexabilidade completa do residuo, desde que entra nas súas instalacións ata que sae como un novo recurso
- Baixo o lema *Sogama é futuro*, esta planificación márcase como grandes metas lograr que o complexo de Cerceda actúe como un polo de innovación ambiental e contribuír a integrar Galicia no grupo de rexións circulares líderes en Europa

A Xunta destinará un investimento estimado en 100 millóns de euros durante os próximos anos (2025-2030) para desenvolver a folia de ruta que debe seguir a Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) para se converter nun dos principais motores da transición da Comunidade cara a un modelo de progreso económico circular e sustentable.

Tal e como se recolle nun informe do que tomou razón esta mañá o Consello, a empresa pública completou a fase de asentamento e consolidación do seu modelo e, 25 anos despois da inauguración do complexo ambiental de Cerceda, dispónse a dar un paso máis non só na xestión e tratamento sustentable dos residuos municipais senón como instrumento con capacidade para xerar recursos cuxo valor engadido quede no territorio.

Para avanzar neste proceso, Sogama apoiarase nunha folia de ruta que se articula arredor de oito liñas de actuación estratéxicas, das que destacan sobre todo tres. Así, a sociedade pública impulsará o desenvolvemento de novos modelos e tecnoloxías que permitan maximizar a recuperación dos residuos que trata, traballará na súa autosuficiencia enerxética e en achegar máis enerxía renovable ao *mix* enerxético galego, eliminando a dependencia do gas natural fósil, e seguirá apostando pola transformación dixital das súas infraestruturas.

En concreto, no eixo da economía circular (cun investimento estimado de 32 millóns) prevese a xestión de novas fraccións de residuos (como téxtiles, escouras ou cinzas), a promoción da recollida selectiva en orixe por parte da cidadanía para contribuír en maior medida á reciclaxe e a potenciación da produción, uso e comercialización de compost.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De feito, cómpre lembrar que no complexo ambiental de Cerceda está prevista a posta en marcha dunha planta de clasificación de residuos téxtiles, que será a primeira instalación pública destas características de Galicia e cuxa construción e posterior xestión foron adxudicadas esta primavera por case 22,5 millóns de euros, estando actualmente iniciados xa os traballos cos primeiros movementos de terra na parcela.

Para avanzar cara ao cumprimento dos obxectivos de descarbonización e impulso das renovables —unha liña de acción para a que se reservan uns 40 millóns de euros do investimento total previsto—, Sogama prevé entre as súas accións estratéxicas a substitución progresiva dos combustibles fósiles (gas natural) por outros máis limpos, lograr a autosuficiencia enerxética do complexo ambiental e maximizar a achega de enerxía renovable por parte da empresa pública, co obxectivo de que a produción enerxética xerada en Cerceda se destine a uso interno da Comunidade galega.

Igualmente, nos vindeiros anos perseguirase a excelencia operativa da empresa pública cun programa de transformación dixital, industrial e administrativo (23 millóns), co que aspira a gañar en eficiencia, levando a cabo a rastrexabilidade completa do residuo, isto é, desde que entra nas súas instalacións ata que sae delas convertido en recurso.

O apoio aos concellos adscritos ao seu sistema a través do denominado Portal do cliente (cun investimento estimado de 1 millón de euros) é outra das grandes liñas de actuación coa que porá á disposición dos 295 entes locais a que dá servizo, en tempo real, a información e os datos de interese para que poidan adoptar decisións máis atinadas e coherentes coa realidade de cada momento.

Por último, a educación ambiental, a responsabilidade ESG (que analiza criterios sociais, ambientais e de gobernanza), o talento a través do desenvolvemento profesional do seu equipo humano, e a seguridade e saúde do traballo, son as outras catro liñas de acción identificadas como estratéxicas pola empresa e nas que se prevé investir 4 millóns.

Máis de dúas décadas de servizo

Baixo o lema *Sogama é futuro*, esta nova folla de ruta, froito dun estudo detallado no que se integraron os resultados de máis de 300 entrevistas mantidas con distintos grupos de interese, ten un marcado carácter dual pois, por un lado, oriéntase cara á modernización e o crecemento e, por outro, á gobernanza, co fin de lograr unha mellor conexión cos 295 concellos a que dá servizo e coa propia sociedade.

No documento tamén se fixan como grandes metas situar Sogama como un polo de innovación ambiental de referencia na Comunidade e contribuír a que Galicia se integre no grupo de rexións circulares líderes en Europa e, para avanzar nesa dirección, considera facelo a través de dous tipos de proxectos: transformadores e singulares, que se irán desenvolvendo ano a ano, e de mellora continua, estables ao longo do tempo.

Esta planificación a cinco anos permitirá dar continuidade e afianzar a posición de Sogama como o principal modelo de xestión dos residuos de orixe municipal en Galicia,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xa que, despois de máis de dúas décadas en funcionamento, presta servizo ao 94% dos concellos, aglutinando unha poboación de máis de 2,2 millóns de habitantes.

Para levar a cabo a súa actividade, a empresa pública sévese hoxe dunha rede de infraestruturas conformada polo complexo ambiental de Cerceda, 37 plantas de transferencia distribuídas estratexicamente por toda a Comunidade, catro plantas de biorresiduos para a compostaxe da materia orgánica (unha por provincia) e un vertedoiro controlado, sito tamén en Cerceda, onde envía o material rexeitado dos procesos.

O ferrocarril é o medio elixido por Sogama para o transporte de residuos por ser máis sustentable e respectuoso coa contorna, coa particularidade de que ocasiona tamén menos molestias á cidadanía. Deste xeito, mentres que en 2016 a empresa transportaba por tren o 25% do lixo, en 2025 esta porcentaxe sitúase xa no 55%.

A creación de emprego de calidade é outra das súas calidades, cun total de 1.000 postos de traballo, entre directos e indirectos.

Nos últimos anos, a entidade acometeu melloras de importancia nas súas infraestruturas, co obxectivo de gañar en eficiencia e produtividade, e destinou a elas un investimento de máis de 100 millóns de euros, que se verá reforzado e complementado coas accións previstas no marco da folla de ruta presentada esta mañá ante o Consello.

Este esforzo investidor, en todo caso, manterase sen renunciar ao obxectivo de garantir a estabilidade financeira da entidade. Con tal fin, Sogama traballará en diferentes liñas de acción para buscar, entre outras, unha retribución maior por parte dos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor que operan coa planta (Ecoembes e Ecovidrio) ou a eliminación progresiva da dependencia do gas natural en favor das enerxías renovables, coa conseguinte redución dos custos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA RECLAMA AO GOBERNO CENTRAL O INMEDIATO RESCATE DA AP-9 E ADVIRTE DO CUSTO DE ADIAR ESTA MEDIDA

- O presidente autonómico apunta que o informe sobre a situación da autoestrada avaliado no Consello da Xunta actualiza a estimación do custo actual deste rescate en 2.356M€, “cantidade moito menor da que habería que pagar de aquí ao final da concesión”
- Reclama ao Goberno central que asuma xa o rescate, xa que é “a alternativa máis vantaxosa para o interese público”, lembrando ademais que “canto máis tempo pase máis caro vai ser para todos os españois”
- O Goberno galego realizou unha estimación do transvasamento de tráfico de varias estradas convencionais á AP-9 co rescate, e que no caso da A-55 entre O Porriño e Tui eliminaría máis da metade dos 39.486 vehículos diarios que transitan de media por este viario
- Destaca que o rescate da concesión e liberación da peaxe implicará beneficios ambientais de seguridade viaria, de calidade de vida, de aforro de tempo e de competitividade, que poden ser cuantificados economicamente polo Ministerio para a toma da decisión

O presidente do Executivo autonómico, Alfonso Rueda, sinalou hoxe que o Informe sobre a situación da AP-9 elaborado desde a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas avaliado hoxe no Consello da Xunta conclúe que o rescate da concesión da autoestrada é “a alternativa máis vantaxosa para o interese público”, e cuantifica a estimación actual desta medida en 2.356M€, “cantidade moito menor da que habería que pagar de aquí ao final da concesión”, segundo apuntou Rueda.

A Administración autonómica exige ao Goberno central que, diante do recente ditame da Comisión Europea sobre a AP-9, asuma este rescate e a liberalización das peaxes de xeito inmediato. Segundo sinalou o presidente do Goberno galego, “canto máis tempo pase máis caro vai ser para todos os españois”. Neste senso, o informe advirte que na citada estimación xa se incrementa en 65M€ o lucro cesante para a concesionaria respecto ás cifras calculadas o pasado 2024, debido ao incremento dos beneficios da concesión en 2024.

O documento fai unha diagnose da situación da concesión, incidindo, por unha banda, na suba desmesurada das tarifas para os usuarios nos últimos anos e o enriquecemento progresivo da concesionaria. Na actualidade, cada 100 km da AP-9 teñen un custo de máis de 12€ e todo o traxecto da autoestrada (219km) ten un prezo de 26,85€. Así mesmo, os ingresos por peaxes incrementáronse nun 39,7% entre 2021 e 2024, o que significou un aumento da conta de resultados para a concesionaria dun 78,1% nese período.

Advirte que a xestión da autoestrada por parte do Estado nos últimos anos foi claramente prexudicial para o interese xeral, e especialmente para Galicia, lembrando, ademais, que o debate sobre a reclamación unánime do Parlamento galego para reclamar a transferencia segue bloqueada no Congreso con 38 prórrogas. E sinala a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

situación de discriminación da comunidade fronte a outras de España onde si se liberaron peaxes, como é o caso da valenciana, onde o Ministerio adoptou a decisión de facelo na AP-7 en Alacante.

O informe lembra que xa no 2021, coa aprobación do real decreto que introduciu as bonificacións para os usuarios, logo ampliadas no 2024, tanto o Consello de Obras Públicas como o Consello de Estado sinalaban que ante o enorme compromiso de gasto previsto se debía analizar a conveniencia do rescate da concesión, cuestión que non foi atendida.

Actualización do custo do rescate

A Xunta adiantouse o pasado ano co estudo no que avaliou o custo da indemnización por rescate, aplicando unha taxa de desconto do 30%, en 2.331M€, e vén de actualizar esta estimación elevándoa aos 2.356M€. A principal causa deste incremento é o lucro cesante, que subiu en 65M€ a pesar de reducirse nun ano o prazo da concesión. Esta condición calcúlase como unha proxección a futuro do resultado de explotación (beneficio) da concesión, a partir da media dos últimos 5 anos, de xeito que se ve incrementada co forte incremento das tarifas e o investimento en bonificacións.

Transvasamento de tráfico

O informe tamén incide en que o rescate da concesión e liberación da peaxe implicará o transvasamento do tráfico dende as estradas convencionais cara á AP-9, o cal implica beneficios ambientais (ruído, emisións), de seguridade viaria, de calidade de vida, de aforro de tempo e de competitividade, que poden ser cuantificados economicamente polo Ministerio, para un mellor criterio na toma decisión sobre o rescate.

Así, tal e como apuntou Rueda, o tráfico “baixaría no centro das vilas, nas travesías e en moitas vías paralelas”. O documento avalía catro treitos para analizar o transvasamento de tráfico de estradas convencionais á AP-9. No caso da comparativa entre a AP-9 e a A-55 Puxeiros-enlace do Porriño, o rescate pode supoñer o descenso dun 32% no tráfico na A-55. No que atinxe a AP-9 e A-55 entre o enlace Porriño-Tui, ese transvasamento eliminaría máis da metade dos 39.486 vehículos diarios que transitan de media diaria por este viario, cun incremento de tráfico na autoestrada do 577%. Ademais, na zona de Curro-Pontevedra, eliminaríase a metade do tráfico na N-550 e o 33% na PO-531 co transvasamento á AP-9 e no treito entre Ordes e Sigüeiro, descendería nun 76% o tráfico na N-550.

A este aforro económico hai que engadir a posibilidade para o Estado de evitar ou abaratar a execución de Infraestruturas planificadas que teñen un elevado custo e importantes afeccións sociais, como é o caso, por exemplo, do treito A Ermida-Pilarteiros da A-57 na circunvalación de Pontevedra.

A Xunta incide en que o Ministerio debe aplicar para Galicia o mesmo criterio que tivo coa AP-7 en Alacante, cuxa liberalización de peaxes comezou sendo unha medida temporal e logo consolidada por razóns de interese xeral. Entre as razóns esgrimidas polo Ministerio, estivo o beneficio social cuantificado en 16,8M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE ABRE ESTE MES A SOLICITUDE DE NOVOS GRAOS DA CARREIRA PROFESIONAL, QUE PODERÁ BENEFICIAR PRETO DE 5.000 TRABALLADORES

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre a nova progresión na carreira dos profesionais da sanidade pública, ao que se destinarán máis de 10,9 M€ en total
- O *Diario Oficial de Galicia* publicará nos vindeiros días a convocatoria de acceso a este recoñecemento da experiencia, a competencia, a capacidade e a responsabilidade do persoal
- Para licenciados sanitarios, o acceso á carreira suporá 287 euros máis ao mes e para diplomados un incremento de 179 euros
- O sistema de carreira profesional motiva a incrementar a cualificación e a competencia dos profesionais, o que redunda na calidade asistencial

O Servizo Galego de Saúde abre este mes a solicitude de novos graos de carreira profesional que, segundo os cálculos, poderían beneficiar 4.915 traballadores da sanidade pública. O *Diario Oficial de Galicia* publicará nos vindeiros días a convocatoria de acceso a este recoñecemento da experiencia, a competencia, a capacidade e a responsabilidade do persoal da sanidade pública.

Así se recolle no informe sobre o procedemento de acceso á carreira profesional do Servizo Galego de Saúde que foi presentado hoxe ante o Consello da Xunta.

Por categorías e sobre a base da información dispoñible no expediente dixital persoal de cada empregado público, poderían acceder a un novo grao, do I ao IV, 1.883 licenciados sanitarios, 1.182 diplomados sanitarios e 1.850 profesionais de xestión e servizos e sanitario de formación profesional.

Este recoñecemento repercutirá na nómina mensual do persoal cun custo previsto de 10.963.750,32 euros en total.

O prazo de solicitudes de acceso a novos graos permanecerá aberto ata finais de setembro e os pagamentos correspondentes iniciaranse en xaneiro de 2026.

Para o persoal licenciado sanitario representará un incremento de 287,13 euros mensuais e para o diplomado sanitario será de 179,46 euros. No caso das categorías de persoal de xestión e servizos e sanitario de formación profesional, o importe mensual varía en función do grupo e subgrupo a que pertencen e van desde os 71,54 euros de agrupación profesional aos 231,12 euros de A1.

Desta forma, o sistema de carreira profesional motiva os profesionais a participaren, ao longo da súa vida laboral, nos obxectivos da organización e a incrementar a súa cualificación e competencia, o que redunda na calidade asistencial e na mellora permanente das prestacións sanitarias públicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Progresar na carreira profesional é un dereito dos profesionais como recoñecemento ao seu desenvolvemento en canto a coñecementos, formación, experiencia, investigación, docencia e outros aspectos relevantes, segundo o caso, para a correspondente profesión, grupo ou categoría profesional, así como á súa participación nos obxectivos da organización.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA MELLORAS EN MÁIS DE 660 COMERCIOS LOCAIS E 64 OBRADOIROS DE ARTESANÍA DE GALICIA EN PROL DA SÚA INNOVACIÓN E ACTIVIDADE SUSTENTABLE

- O Consello do Goberno galego analizou un informe sobre a resolución da convocatoria de 2025 destas achegas concedidas por un valor de case 4M€
- Esta medida enmárcase no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 e abarca tres liñas de axudas unificadas por primeira vez este ano nunha única convocatoria en prol da simplificación e axilización administrativa
- As axudas están enfocadas á dixitalización do punto de venda, á mellora da imaxe e eficiencia enerxética do local e ao uso de embalaxes sustentables para apoiar o sector na adaptación ás tendencias de consumo
- Das entidades beneficiarias este ano, 286 son da provincia de Pontevedra, 266 da de Coruña, 111 da provincia de Lugo e 65 da de Ourense

Un total de 664 comercios de proximidade e de 64 obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia beneficiaranse das axudas deste ano da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para impulsar a súa dixitalización, innovación e sustentabilidade, cun valor de axuda de case 4M€. Así o reflicte un informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre a resolución da convocatoria de 2025 destas tres liñas de apoios, unificadas por primeira vez este ano nunha única convocatoria en prol da simplificación e axilización administrativa, para favorecer un comercio innovador e sustentable.

En canto á distribución por provincias das entidades beneficiarias este ano, 286 son da provincia de Pontevedra, 266 da de Coruña, 111 da provincia de Lugo e 65 da de Ourense. Estas tres liñas que abarca a convocatoria son compatibles entre si, enmárcanse no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 e buscan apoiar o sector na adaptación ás tendencias de consumo coa introdución de tecnoloxías que lles permitan conectar coas necesidades do cliente e mellorar a imaxe e os equipamentos dos establecementos. Tamén teñen como fin avanzar no compromiso ambiental e na eficiencia de recursos.

Neste sentido, coa primeira das liñas de achega, a de dixitalización e innovación comercial, fináncianse ferramentas de posicionamento dixital, software de xestión adaptado á actividade comercial desenvolvida e elementos como pantallas e escaparates virtuais. Tamén inclúe actuacións como a implantación e o mantemento de páxinas web, terminais de autopagamento, xestión de redes sociais ou loxística *e-commerce*, entre outras. A contía máxima de axudas nesta epígrafe é de 35.000 euros.

En canto á segunda, de modernización comercial, cóbrense obras de acondicionamento e reforma da superficie de exposición e venda, incluíndo a adquisición de mobiliario auxiliar; custos de servizos profesionais para a redacción de proxectos de interiorismo e decoración, así como accións para a mellora da eficiencia enerxética, como por exemplo sistemas de climatización enerxeticamente eficientes. Tamén abarca a adquisición de maquinaria, ferramentas ou equipamento auxiliar relacionado coa actividade comercial e artesanal. Neste caso, as axudas poden chegar aos 19.400 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por último, na liña destinada á sustentabilidade ambiental, son obxecto de subvención as actuacións dirixidas á redución das cantidades de embalaxe mediante a adaptación do seu tamaño á dimensión dos produtos. Algúns exemplos de actuacións que se apoian neste sentido son a adquisición de bolsas de papel e caixas de cartón 100% reciclado e bolsas de tea de algodón e de liño ou cânabos 100%. Neste caso, a axuda máxima é de 2.000 euros.

Ademais, cabe lembrar que o ano pasado, a través da convocatoria de axudas para a transformación dixital, innovación e modernización do sector comercial e artesanal beneficiáronse un total de 402 entidades, entre comerciantes retalistas e obradoiros artesanais, por importe de máis de 2 millóns de euros. A eles sumouse o balance da convocatoria de axudas do programa Comercio circular —agora integrada nesta orde para maior simplificación—, das que se outorgaron un total de 303 axudas entre comerciantes retalistas, obradoiros artesanais e centros comerciais abertos, por un importe total de máis de 620.000 euros.

Plan estratéxico do comercio de Galicia

Esta orde de axudas enmárcase no conxunto de medidas de impulso ao comercio promovidas pola Xunta ao abeiro do Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, que é resultado dun proceso participativo e de escoita activa cos principais axentes do sector. Esta folla de ruta está dotada cun orzamento de 320 M€ e inclúe máis de 70 accións para potenciar a competitividade, calidade, a modernización e innovación do comercio de proximidade e abarca outros apoios como os destinados a potenciar os mercados e prazas de abastos e os centros comerciais abertos, entre outros. Tamén contén actuacións pioneiras de comercio de atracción, como *Vilas vivas* ou *Prato de mercado*, ademais de medidas para favorecer a remuda xeracional, o emprendemento e a colaboración coa Rede de polos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

152 VIXILANTES E 51 ASISTENCIAS TÉCNICAS REFORZARÁN A PESCA ARTESANAL E O COÑECEMENTO DO MEDIO MARIÑO

- Será a través da orde bianual de axudas Fempa, resolta con máis de 4,7 millóns de euros, e das que se beneficiarán 57 confrarías
- Contribúen a reducir o impacto negativo sobre o ambiente, garantindo a sustentabilidade na explotación dos recursos, e a pesca ilegal, complementando con elo o extraordinario labor que xa desenvolve Gardacostas de Galicia
- Financiaranse por primeira vez os gastos de adquisición e administración de sistemas informáticos de recollida de datos, organizativos e de produción, que determinarán a toma de decisións na optimización e mellora da xestión pesqueira
- Co obxectivo de que estas achegas chegasen ao maior número de pesquerías, o Goberno galego acordou, previamente, eximir os beneficiarios da presentación do aval ou garantía dos pagamentos á conta

O Consello da Xunta deu conta da resolución da orde bianual de axudas do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) deste ano para reforzar a xestión dos recursos da pesca costeira artesanal. En total, máis de 4,7 millóns de euros, que permitirán a contratación de 152 vixilantes e desenvolver 51 asistencia técnica para garantir o desenvolvemento desta actividade a longo prazo e mellorar o coñecemento do medio mariño.

Con estas achegas, cuxo importe da convocatoria se incrementou un 7,4% con respecto a de 2024, reduciranse os impactos negativos sobre o ambiente, asegurando a sustentabilidade na explotación dos recursos pesqueiros e marisqueiros, a través de medidas baseadas en sistemas de recolla de información sobre o estado dos recursos que melloren o coñecemento ecosistémico marítimo. E, coa incorporación destes vixilantes, contribuirase a previr as prácticas de pesca ilegais, complementando con iso e apuntalando o traballo que desenvolve diariamente o Servizo de Gardacostas de Galicia.

Os beneficiarios son tanto as entidades co-xestoras dos plans de xestión dos recursos mariños como as organizacións de produtores de base do sector pesqueiro, as corporacións de dereito público de base asociativa e as entidades asociativas representativas deste réxime, todas de ámbito autonómico. De feito, 57 confrarías acolléronse a esta iniciativa e levarán a cabo algunha destas actividades: desenvolvemento de medidas técnicas de xestión e vixilancia, de carácter administrativo e/ou integración co sector, seguimento do estado dos recursos aplicable á xestión de pesquerías, incluíndo especies comerciais e accesorias, e sistemas de recollida de información do estado dos recursos.

Novidades e accións concretas

A través desta orde, por primeira vez, financiaranse os custos de adquisición e administración de sistemas informáticos de recollida de datos, organizativos e de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

produción, no marco do desenvolvemento dos plans de xestión dos recursos marisqueiros incluídos no proxecto aprobado, o que determinará a toma de decisións para unha mellor optimización e xestión do recurso.

Tamén se subvencionarán os gastos de persoal imprescindible asociados ao proxecto, de contratación de profesionais, empresas ou entidades prestadoras de servizos, incluídos os servizos necesarios para procurar o soporte, seguimento e históricos dos sistemas de posicionamento, seguimento, rexistro e monitoraxe, así como equipamentos de posicionamento xeográfico para o persoal traballador con tarefas de vixilancia ou de asistencia técnica e un equipamento de mostraxe, por un importe total máximo de 6.000€ por proxecto.

Polo que respecta aos traballos de asistencia técnica, destacan a elaboración e seguimento, optimización e control dos plans de coxestión de recursos mariños vivos; a formación de pescadores, orientada a adquirir novas competencia vinculadas a unha mellor administración e conservación dos ecosistemas en que viven; ao aumento da sensibilización ambiental coa participación directa dos pescadores; a contribución á vixilancia epidemiolóxica (envío de mostras ao Intecmar para coñecer o estado sanitario das augas e especies marisqueiras); e a colaboración cos técnicos da Consellería do Mar nos asuntos relacionados directamente coa xestión, restauración dos ecosistemas e mellora da produtividade dos bancos marisqueiros. O importe máximo da axuda concedida por persoal traballador neste caso incrementouse nun 17,26%, respecto á orde anterior, pasando de 15,35 a 18 euros/hora por efectivo.

No caso dos labores de vixilancia, serán traballos de salvagarda do medio mariño e das súas especies. Levaranse a cabo establecendo condicións de acceso ás zonas de pesca e deberán ser comunicados ao Servizo de Gardacostas. Entre as accións que se executarán inclúense a programación semanal das actividades de vixilancia e control, que deberá realizarse, cando menos, cunha semana de antelación; a comunicación ao dito ente, no prazo máximo dunha semana desde que se produza o feito, o inicio, interrupción e finalización da prestación dos servizos, ou a remisión dos datos e informes que Gardacostas lles requira. Neste caso, a achega por efectivo increméntase nun 20%, pasando de 10 a 12 euros/hora por traballador.